

## IES Auga da Laxe. Ámbito científico-matemático. Curso 2005-2006

### Lectura na aula

Ademais do emprego corrente de obras de consulta (enciclopedias, dicionarios...) os alumnos e alumnas do Ámbito científico-matemático dos cursos de Diversificación Curricular (terceiro e cuarto de ESO), dedicaron unha hora de clase semanal á lectura durante o segundo e terceiro trimestre. A maior parte das horas de lectura fixéronse nas aulas habituais agás unhas poucas que puideron realizarse na propia biblioteca.

Na primeira fase —segundo trimestre—, a escolla estivo restrinxida ás seccións de literatura xuvenil da biblioteca. Os libros seleccionados debían estar relacionados con algún aspecto das ciencias ou das matemáticas. Para facilitarlles a elección proporcionámoslles unha listaxe dunhas cincuenta obras, tanto en galego como en castelán.

Xa nunha segunda fase —terceiro trimestre—, os alumnos e alumnas puideron escoller calquera libro do seu gusto. Aínda así, recomendámoslles que a obra tratase dos asuntos propios das ciencias ou das matemáticas, que estivese relacionada cos temas da actualidade (Copa mundial de fútbol, Violencia de xénero...) ou cos estudados noutras materias (por exemplo, a Guerra Civil e mais a II Guerra Mundial no ámbito sociolingüístico, etc.)

Despois de rematar a lectura o alumno falaba do seu libro (privadamente co profesor ou, se así o quería, diante dos seus compañeiros) e contestaba a unhas poucas preguntas.



En total, participaron vintecatro alumnos e alumnas. Houbo noventa e seis préstamos (45 por cento en galego e 55 por cento en castelán) de sesenta títulos diferentes (46 por cento en galego e 54 por cento en castelán).

O tres autores máis solicitados foron Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre. O título máis solicitado foi *Mutacions xenéticas* de Fina Casalderrey.

Alberto Cifuentes Torres  
balea@arrakis.es